Manual de uso

Estrutura

Estes materiais recollen varias secuencias presentadas en páxinas web (HTML5). O conxunto dos proxectos preséntase nun portafolio ao que accedemos de inicio ou logo desde *Portada*.

As fases de traballo de cada secuencia ocupan páxinas específicas, todas elas ligadas a través dun menú lateral. Estas organízanse en sucesivos recadros tipo panel con extensión variable. As diferentes actividades e apoios son recoñecibles visualmente por medio de etiquetas con cor específica.



Navegación

Para amosar con claridade o proceso que se vai ou se está a seguir e para facilitar o acceso ás diferentes fases do traballo, dispoñemos dun menú lateral constante e emerxente, alén dos botóns de avance e retroceso do fondo das páxinas.

Compatibilidade

As páxinas adáptanse plenamente aos diversos dispositivos e tamaños de pantalla, mesmo ao incorporar multimedia, e non requiren complementos. De igual xeito, pódese acceder aos materiais con calquera dos navegadores máis empregados (Chrome, Firefox, Safari), sempre que non se desactive o uso de scripts. Non se inclúen elementos da web incrustados que poidan impedir ou retardar o acceso. Así mesmo, os contidos actívanse tanto se están aloxados en internet como nun servidor local ou nunha carpeta.